

BERMEJO PATIÑO, Manuel Rafael, Ana María GONZÁLEZ NOYA e Marcelino MANEIRO MANEIRO (2018): *Guía dos elementos químicos. Historia, propiedades e aplicacións*. Santiago de Compostela: Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia; Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 347 pp.

A *Guía dos elementos químicos. Historia, propiedades e aplicacións* é un volume de divulgación científica editado no 2018, un ano antes da conmemoración dos 150 anos do descubrimento da táboa periódica polo químico de orixe rusa Dmitri Mendeléiev, pola Xunta de Galicia e polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, cuxa finalidade é promover e desenvolver proxectos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos vinculados coa lingua galega e do que Manuel González González é coordinador científico. O Servizo de Terminoloxía Galega (TERMI-GAL), proxecto que se ocupa, entre outras actividades, da estandarización terminolóxica ou da creación de manuais con léxico especializado en lingua galega, foi o encargado da revisión lingüística da obra.

Este libro foi creado por tres profesores da Universidade de Santiago de Compostela especializados en química inorgánica: Manuel Rafael Bermejo Patiño, antigo membro do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS); Ana María González Noya, profesora especialmente implicada na visibilización do papel das mulleres na ciencia; e Marcelino Maneiro, coordinador do grupo de innovación docente en didáctica e divulgación científica CienciaNosa.

Os antecedentes da obra remóntanse ao ano 2006, cando Bermejo Patiño e González Noya colaboraron na elaboración do volume *O nome e o símbolo dos elementos químicos*, editado tamén polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. O devandito libro comezaba cunha introdución, despois da cal a información se repartía en tres capítulos: antecedentes históricos e modernos da notación química, orixes dos nomes dos elementos

químicos e nomes e símbolos actuais. Cada capítulo contaba cunha breve descrición dos elementos químicos, mais neste caso non foron incluídos os últimos elementos descubertos (o nihonio, o moscovio, o ténesso e o oganesson).

Así mesmo, no 2016 os mesmos autores mencionados anteriormente publicaron a *Guía breve para a nomenclatura de química inorgánica*, unha tradución ao galego da obra realizada pola Unión Internacional de Química Pura e Aplicada (IUPAC), que levaba por título *Brief guide to the nomenclature of inorganic chemistry*.

Non obstante, a *Guía dos elementos químicos. Historia, propiedades e aplicacións* presenta diferenzas respecto ás obras anteriormente citadas. O libro posúe 118 capítulos, cada un deles adicado a un elemento químico, comezando polo hidróxeno e rematando polo oganesson, sempre respectando as denominacións aprobadas pola IUPAC, especialmente no tocante aos últimos elementos descubertos. Os datos que se describen en cada elemento químico son: nome e orixe, obtención e propiedades, aplicacións e importancia biolóxica, aínda que tamén se ofrece outra información, como a motivación seguida para elixir cada un dos nomes ou a súa perigosidade.

A obra conta, ademais, cunha serie de recursos paratextuais, como diferentes imaxes que ilustran e complementan a información recollida e unha miniatura da táboa periódica na que se indica a posición do elemento químico en cuestión. Así mesmo, neste volume analízanse os elementos químicos con máis profundidade, abordando cada un deles dende os seus aspectos máis relevantes, tales coma o seu punto de fusión e ebulición ou a súa densidade.

É especialmente relevante destacar o feito de que a *Guía dos elementos químicos. Historia, propiedades e aplicacións* estea integramente redactada en lingua galega, especialmente porque permitirá a normalización dos nomes dos elementos químicos nesta lingua. Isto convérteo no manual de referencia máis completo sobre os elementos da táboa periódica publicado ata o momento en galego.

O volume está destinado a todo tipo de audiencias e posúe múltiples aplicacións. Por unha banda, permite dar a coñecer os elementos químicos dende un punto de vista divulgativo, xa que a linguaxe utilizada na súa redacción é de fácil comprensión, mesmo para audiencias non especializadas na materia, e mesmo lúdico, posto que cada capítulo constitúe unha maneira entretida de achegarse á ciencia. Por outra banda, son especialmente significativas as súas utilidades como complemento da materia de física e química, impartida na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato.

En definitiva, a *Guía dos elementos químicos. Historia, propiedades e aplicacións* é unha obra de grande calidade, non só polo seu contido, senón tamén pola súa forma, xa que

contribúe á divulgación do saber científico en lingua galega. As súas numerosas utilidades convérteno nunha ferramenta de importancia non só como instrumento de consulta, senón tamén como inspiración para a creación de numerosas actividades no ámbito educativo. Por todas estas razóns, estamos ante unha contribución á ciencia de inestimable calidade.

Referencias bibliográficas

- Bermejo Patiño, Manuel Rafael; Ana María González Noya e Miguel Vázquez López (2006): *O nome e o símbolo dos elementos químicos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística; Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Bermejo Patiño, Manuel Rafael e Ana María González Noya (2016): *Guía breve para a nomenclatura de química inorgánica*. Unión Internacional de Química Pura e Aplicada: División de Nomenclatura Química e Representación Estructural.

Sara Pajón Soto
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación
en Humanidades
sarapajon@gmail.com